



# ACTOS DO 70 ANIVERSARIO

Para conmemorar os 70 primeiros anos do club, imos celebrar diversos actos, que maioritariamente estarán concentrados no mes de setembro, e que estarán agrupados de dúas formas:

**Exposición do club.** Do 12 ao 30 de setembro. Será na sala de exposicións da Casa Galega da Cultura (Praza Constitución). Logo do traballo, aínda sen rematar, da Comisión para a celebración do 70 aniversario, os días 10 e 11 de setembro, pola tarde, montárase a exposición 70 aniversario Club Montañeiros Celtas, mostrando material antigo e actual do percorrido do Club nestes 70 anos. Lembra: 10 e 11 setembro, e precisamos botes unha man.

**Ciclo de Conferencias.** Das distintas actividades realizadas polo club ao longo da súa historia e que iluminarán tamén o futuro. Celebráranse no Salón de actos da Casa Galega da Cultura, segundo o seguinte calendario (**Atención ao horario: de 19,30 a 21 horas**):

**13 de setembro**, xoves.- “**Os inicios do montañismo e os comezos do Club. Historia**”. De Antonio Veiga. Imposible resumir a tan importante socio. A súa traxectoria e currículo son impresionantes.

**14 de setembro**, venres.- “**A espeleoloxía e Club Montañeiros Celtas**”: Antonio Veiga, Carolina Rodríguez e Daniel Ballesteros. Pasado, presente e futuro; ciencia e deporte nesta disciplina.

**19 de setembro**, mércores.- “**Operación Benxamín**”: Antonio Álvarez e Cristina López. “**6M pasos**”: Andrés Fraga e Juan Veiras (Coru). Os comezos, as vivencias, os obxectivos e os resultados desde hai máis de 40 anos.

**20 de setembro**, xoves.- “**Cumes e Glaciares: Prehistoria do alpinismo en Galicia**”. Antonio Fernández (Cholo). O gran fabulador da montaña cóntanos os comezos do alpinismo.

**21 de setembro**, venres.- “**A escalada e Club Montañeiros Celtas**”: Antonio Suárez, Iago Rodríguez. Comezo, desenvolvemento e futuro da escalada no noso Club. “**O esquí e Club Montañeiros Celtas**”: Marcos Rodríguez e Fernando Fernández, organizadores das actividades de esquí do Club.

**26 de setembro**, mércores.- “**Bici de montaña: Outra forma de gozar da natureza**”: Pedro Rodríguez e Carlos Arca. Pedaleando coa historia e as palabras nesta disciplina da montaña.

**27 de setembro**, xoves.- “**Mergullo: a exploración do fondo do mar**”: Eutimio Rodríguez, Miguel Boquete. Exploración de longo e de curto recorrido de Eutimio e de Miguel, pasado e futuro do club nesta actividade.

*A derradeira conferencia, e que porá remate ao ciclo conmemorativo será no Auditorio Municipal (Praza do Rei) ás 20 horas.*

**28 de setembro**, venres.- “**Xeo, por todas partes, xeo**” Chus Lago . Himalaia, Leopardo das Neves e Antártida son os seus referentes. “**Co Himalaia no horizonte**” Sechu López, con dous oitomiles na mochila, primeiro galego en acadar o Anapurna.


## INFANTIL

### III PEQUEMARCHA: SALINAS DO ULLÓ- 9 DE SETEMBRO

Para nenos e nenas menores de 9 anos, acompañados de pais, nais, tíos, avós,... Sairase ás 11 da mañá da Praia de Paredes (Vilaboa), onde está o Club Náutico de Paredes (Vilaboa), dirección ás salinas de Ulló, despois de cruzar Arcade e a ponte sobre o río Verdugo, a primeira bifurcación á esquerda-, andaremos ata as salinas situadas no máis fondo da ría, daremos a volta a elas e poderemos observar, sobre todo coa marea baixa, a gran cantidade de aves (a zona pertence á rede Natura) nas que podemos destacar garzas reais, garcetas, alavancos, pillaras,..(ao mellor algún maior desempolva eses prismáticos e a guía de aves que lle regalamos alo polo 19.....). Tamén faremos unha visita á casa das salinas, espectacular construción, en estado de abandono, cuberta de vexetación, mais nos pode dar unha idea da importancia deste enclave  
Xantaremos de camiño antes de volver á Praia de Paredes pola tarde.  
Prezos: Nenos de balde. Socios club: 1€; Non Socios: 1,5€.  
Inscrición: Como o club cerra durante agosto, será no club será do 3 ao 7 de setembro. Tamén podeades inscribiros enviando un e-mail a [info@celtas.net](mailto:info@celtas.net) indicando nome completo das persoas, idade (os maiores indicar “maior”), teléfono de contacto e se sodes socios de Club Montañeiros Celtas.

## ACTIVIDADES SOCIAIS

### MAGOSTO SOCIAL- 11 NOVEMBRO SAN MARTIÑO



Este ano faremos o Magosto o propio día de San Martiño, o día 11 de novembro. Lembra que coma sempre teremos castañas para compartir acompañadas de xogos populares, e pode que algunha andaina. Irémosvos informando porque aínda non temos moi definido onde nos reuniremos. Estade atentos á páxina web, ou ben no Club

## BICI DE MONTAÑA

Lembra que algunha das actividades do mes de agosto e outubro están explicadas máis polo miúdo no boletín anterior.

Tamén indicavos un cambio, xa que a actividade de San Mamede pasa de setembro a novembro, que por diferentes

## SENDEIRO/MONTAÑA

Lembra tamén que algunha das actividades de Sendeiro/montaña de setembro e outubro (travesía polos Ubiñas, Redes, ou o sendeiro polo río Barbantiño) están explicadas máis polo miúdo no boletín anterior.

### CHANDREXA DE QUEIXA- 24-25 NOVEMBRO

Sairemos o sábado. Despois de acomodarnos en Chandrea faremos unha ruta non moi longa, dunhas 4,30 horas máis ou menos. Pasaremos por varias aldeas, Vozqueimado, Casteligo, pararemos a comer nunha vistosa ponte, seguiremos por Parafita e volveremos a Chandrea. O resto da tarde de relax, e quen queira pasee ata o encoro.

O domingo o autobús levaranos ata a aldea de Zamorela, nunhas horas faremos cumio no Seixo (1706m), logo volveremos un pouco para atrás e por unha cordal subiremos ao Xistral (1594m), Alto da Pa (1558m) e baixaremos á aldea máis culta do mundo, Espasa, onde nos recollerá o autobús.

Aloxarémonos en habitacións compartidas. É preciso levar saco de durmir.

## ESPELEOLOXÍA

### CURSO DE INICIACIÓN 24-25 NOVEMBRO E 1,2 DE DECEMBRO

Atención a todos os interesados pola espeleoloxía!. Durante dúas fins de semana, poderedes adentraros no misterioso mundo das cobas participando nun curso de iniciación á espeleoloxía.

É unha ocasión que non debes desaproveitar porque este curso está homologado pola Escola Galega de Espeleoloxía e teredes profesores de primeira orde.

As prazas son limitadas, máximo 15 persoas

O curso desenvolverase en Mondoñedo/Cobas

É preciso ter licenza de espeleo para poder participar

*Tedes máis información das actividades na páxina web e no club*